



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

Expediente núm. 2025/E001/000004
2025/G003/000739

DECRETO POLO QUE SE APROBA A RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA LISTA DE ESPERA DE OFICIAL DE PRIMEIRA

ANTECEDENTES DE FEITO

Mediante o Decreto núm. 2238/2024, do 3 de decembro (2024/G003/002319), procedeuse á convocatoria do proceso selectivo encamiñado á constitución dunha lista de espera ou bolsa de traballo de oficial de primeira (persoal laboral asimilado ao subgrupo C2), á que acudir para futuras incorporacións de persoal laboral temporal nos diferentes postos desempeñados por oficiais de primeira (condutor, maquinista, mantedor, pintor, etc.) nos supostos legais procedentes. A referida resolución aprobou as bases reitoras da convocatoria.

O anuncio da convocatoria e as súas bases foi publicado no *Boletín Oficial* da Provincia (BOP) núm. 21, do 31/01/2025.

O prazo de presentación de solicitudes principiou o 3 de xaneiro (primeiro día hábil trala publicación) e rematou o 14 de febreiro de 2025.

FUNDAMENTOS LEGAIS

A base núm. 3 das que rexen na convocatoria, no que aquí interesa, sinala:

“Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ou Concellaría-Delegada competente ditará resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello, declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo improrrogable de cinco (5) días hábiles seguintes á publicación da dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos da LPACAP. Na resolución identificaranse ás persoas aspirantes que achegaron o certificado acreditativo do nivel de galego requirido e que, polo tanto, están exentas de realizar a proba de coñecementos da lingua galega. Tamén se poderán identificar as deficiencias e/ou omisións (non excluíntes) que se poidan detectar na documentación que se presentou para acreditar os méritos sinalados polas persoas aspirantes.

As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado non emenden a súa exclusión, xustificando o seu dereito a seren incluídas na relación de persoas admitidas, serán consideradas definitivamente excluídas.

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, a Alcaldía ou Concellaría-Delegada competente declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no taboleiro de edictos do concello. Na citada resolución fixarase o lugar, data/s e hora/s de realización do exercicio da fase de oposición. Tamén se designará o Tribunal que cualifique o proceso, nos termos especificados na base seguinte.

A publicación desta resolución no taboleiro electrónico iniciará o cómputo dos prazos para os efectos de posibles impugnacións ou recursos.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

Agás a convocatoria e as bases, que se publicarán no BOP e no taboleiro electrónico, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos a través do taboleiro de anuncios electrónico (<https://sede.aspontes.org/sxc/es/información/>).”

Correspóndelle á concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá ditar a presente resolución, en virtude das atribucións delegadas pola Alcaldía a través do Decreto núm. 2000/2024, do 4 de novembro, corrixido pola Resolución núm. 2001/2024, do 5 de novembro, de delegación de competencias nos membros da Corporación Municipal (BOP núm. 216, do 08/11/2024).

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. Aprobar a relación **provisional** de persoas aspirantes admitidas e das excluídas, con indicación, respecto destas últimas, da causa ou causas de exclusión:

a) Persoas aspirantes inicialmente **incluídas**:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 3 OU EQUIVALENTE	OBSERVACIÓNS (Non excluíntes)
1	Barro García, Celso	***0842**	NON	
2	Blanco Chaín, José Luís	***1126**	SI	
3	Bouza Gabeiras, Juan José	***8283**	NON	
4	Campello Barro, Manuel	***2227**	SI	Achega o informe de vida laboral pero non acompaña os contratos de traballo/servizos (apartado 5.2 das bases)
5	Carro Ferrero, Matías	***5271**	NON	
6	Castro López, Marta	***1121**	NON	
7	Chao Prieto, Yolanda	***8772**	SI	Achega Anexo II ou relación de méritos cumprimentado parcialmente (apartado 3 das bases).
8	Cobeira Sanmartín, Miguel Ángel	***5487**	NON	Non achega nin Anexo II ou relación de méritos nin xustificante de méritos (base 3 das bases)
9	Fernández Paz, Lorena	***4127**	SI	Non achega nin Anexo II ou relación de méritos nin xustificante de méritos (base 3 das bases)
10	Fraga Calvo, Francisco	***0705**	SI	
11	García Pena, María del Mar	***0180**	NON	Achega Anexo II ou relación de méritos cumprimentado parcialmente (apartado 3 das bases).
12	Gómez Santos, Manuel Agustín	***6085**	SI	Non achega Anexo II ou relación de méritos (base 3 das bases)
13	González Rodríguez, Manuel José	***1719**	SI	



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

14	Lamas Ferreiro, José	***9583**	SI	
15	Permuy Bustabad, David	***9562**	SI	Achega o informe de vida laboral pero non acompaña os contratos de traballo/servizos (apartado 5.2 das bases)
16	Porta Castro, Jesús	***4298**	SI	
17	Rivera Fernández, David	***1553**	SI	
18	Rochela Bogo, Patricia	***3403**	SI	
19	Rodríguez Freire, Miguel Ángel	***1116**	NON	
20	Soto Soto, María Enma	***4732**	SI	

b) Persoas aspirantes inicialmente **excluídas**:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI	CAUSAS DE EXCLUSIÓN
1	Blanco Pico, Dosinda	***1640**	4
2	Corral Lage, David	***1218**	4
3	Pérez Rey, Brais	***1582**	5

CAUSAS DE EXCLUSIÓN:

- (1) A solicitude non se presenta na sede electrónica do Concello das Pontes (punto 3 das bases da convocatoria). Defecto non emendable.
- (2) Non presenta o reverso da titulación académica
- (3) Non achega o DNI
- (4) Non achega a titulación esixida nas bases da convocatoria
- (5) Non achega o permiso de conducir da clase B en vigor

As persoas aspirantes que achegaron o Celga 3 ou equivalente, ou superior, segundo se reflicte na anterior relación, están exentas de realizar a proba de lingua galega a que se refire a base específica núm. 5.1.3) das reitoras da convocatoria.

As que posúan o Celga 3 ou equivalente (ou superior) e non achegaron a correspondente acreditación poderán presentar a documentación acreditativa de posuílo no prazo de reclamacións que se indica no apartado seguinte.

2. Conceder un prazo de **cinco días hábiles** -contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución no taboleiro electrónico municipal e na páxina *web* do concello- para que as persoas interesadas e aquelas eventualmente omitidas presenten as reclamacións oportunas e acheguen os documentos que coiden conveniente.

O feito de figurar na relación provisional de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos de conformidade coas bases da convocatoria, polo que aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, nos termos das bases, se se comproba que non posúen algún ou algúns dos requisitos, decaerán en todos os dereitos que puideran derivarse da súa participación no proceso selectivo.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

3. Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios electrónico do concello e na páxina *web* municipal.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura dixital

A concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá

Ana María Pena Purriños